

LGL 1º ESO. Final da secuencia *A igualdade de xénero a escena* (radioteatro)

1. Revisión do texto

Mellorádeo de acordo con estes criterios. (A avaliación realízase sumando os puntos e dividindo logo entre 4)

TEXTO TEATRAL	4 pt	3 pt	2 pt	1 pt	PUNTOS
Está presente un tipo de micromachismo (e non violencia explícita)	Plenamente, sen deficiencias	En xeral ou maioritariamente	Só en parte ou con certos erros	Pouquiño ou nada	
Hai didascalía inicial que sitúa no contexto e con referencias auditivas					
O diálogo é suficiente (dúas caras de folio mínimo), ademais de coherente e áxil					
A escrita segue as convencións teatrais: nomes ao inicio e en maiúscula, etc.					
Apréciase na trama unha presentación, un nó e un desenlace					
As partes da escena ou as diferentes escenas conectan para facer avanzar a historia					
O remate é interesante: ou revelador ou inesperado					
Contén algunhas anotacións interiores (movementos, reaccións...) diferenciadas do diálogo					
Os pronomes persoais empréganse de xeito adecuado e correcto					
A lingua axústase aos personaxes. Evítanse as interferencias e outros erros					

2. Autoavaliación

Do labor grupal e individual. De novo, súmanse os puntos que se asignen e divídese entre 4.

TRABALLO DA SECUENCIA	4 pt	3 pt	2 pt	1 pt	PUNTOS
Seguimos e realizamos coordinadamente as tarefas propostas na secuencia	Totalmente, sempre	Case sempre, moito	En parte, bastante	Pouquiño ou nada	
Estivemos centrados no labor e avanzamos a bo ritmo					
Atendemos as indicacións de traballo diarias e as de mellora dos resultados					
Fomos creativos/as para darlle valor á nosa produción					
Cumprimos cos prazos e condicións de entrega do material e do produto final					
Realicei as actividades individuais no caderno e corríxín o que cumpría					
Impliqueime no labor colectivo: propuxen, dialoguei para chegar a acordos, escribín...					
Reflexionei para orientar as tarefas, rexistrar a aprendizaxe e facelo o mellor posíbel					
Revisei o escrito con intención de enriquecelo e evitar os erros					
Participei corresponsabelmente no remate e entrega do material e do texto final					

3. Entrega

Entregarase a *folla de grupo* coas tarefas e a creación na última clase da semana na que o profesor dea por rematado o traballo. En concreto: o xoves 24 ou o venres 25 deste mes, segundo a aula. Se o grupo o considera necesario, pode achegar a maiores unha versión en limpo da peza teatral.

4. Ampliación voluntaria recomendada

Valorarase á parte (a quen participe na locución) a entrega da gravación. Inclúranse outros elementos sonoros: efectos ou sons de fondo. En USB de memoria ou por correo. Ata o 3 de febreiro. Facilitarase a súa difusión.